



Concello de Vigo
Área de Medio Ambiente
Cemiterios

NÚM. EXPTE: 10850/255

ASUNTO: Valoración das proposicións do SOBRE B presentadas por: **Xestión Ambiental de Contratas, S.L., Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (Samyl S.L.), UTE Ingeser Atlantica, S.L. Sogesel Desarrollo y Gestión, S.L., Brocoli, S.L. e Calfensa Proyectos, S.L.** para a contratación do Servizo de Mantemento Integral dos Cemiterios Municipais.

INFORME:

A mesa de contratación en sesións do 10 e 14 de xullo de 2017, procedeu a apertura das proposicións do sobre B, que contén a documentación acreditativa dos criterios avaliados mediante xuízo de valor, presentado polas entidades:

- **Xestión Ambiental de Contratas, S.L.,**
- **Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (Samyl S.L.),**
- **UTE Ingeser Atlantica, S.L. Sogesel Desarrollo y Gestión, S.L.,**
- **Brocoli, S.L.**
- **Calfensa Proyectos, S.L.,**

admitidas no procedemento de adxudicación do contrato de prestación dos servizos de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo, con remisión ó servizo xestor para a súa valoración.

Nas Follas de Características do Contrato (FEC), apartado 8.A., do PCAP establécense os seguintes **criterios de adxudicación avaliados mediante xuízo de valor:**

A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XÚIZO DE VALOR: valoraranse con ata **25 puntos**

*Os licitadores deberán acadar unha **puntuación mínima de 6,00 puntos** na valoración destes criterios. En caso contrario, serán excluídos da licitación.*

A.1.- Programación do servizo: valorarase con ata **25 puntos**

Valorarase a máis axeitada programación dos traballos a realizar, que supoñan un recoñecemento das tarefas, épocas, condicións e forma de realizalas e periodicidade destes, en concordancia cos valores medioambientais, tradicionais e patrimoniais dos recintos funerarios. Plans de replantado, resemanteira e reposición de vexetais de tempada e distribución de persoal, dependencias e almacéns.

A valoración deste criterio distribuirase do seguinte xeito:

1. Programación dos traballos de limpeza: valorarase con ata **4 puntos**

*Contratación do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais.
Páxina 1 de 11*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/08/2017 09:05

Páxina 1 de 11

Expediente 10850/255

Código de verificación: 2BEA4-A4452-CE2BC-5E8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Área de Medio Ambiente
Cemiterios

2. **Programación dos traballos de xardinería:** valorarase con ata 5 puntos
3. **Programación dos labores de reposición de elementos vexetais, non vexetais e equipamentos:** valorarase con ata 4 puntos
4. **Programación dos labores encamiñados a mellorar o estado de conservación de concretas zonas dos cemiterios municipais:** valorarase con ata 4 puntos
5. **Programación e distribución do persoal e control de seguimentos dos traballos:** valorarase con ata 4 puntos
6. **Programación de dependencias e almacéns:** valorarase con ata 4 puntos

(Os licitadores coidarán de non incluír neste sobre información sobre a dispoñibilidade ou non dun técnico/a titulado/a coas características que se indican no apartado 8.B.2 desta FEC, pois sería unha das causas de exclusión previstas na cláusula 13.5B deste prego "A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC").

A continuación detállase a valoración das proposicións presentadas:

A.1.- PROGRAMACIÓN DO SERVIZO: ATA 25 PUNTOS.

1.- Programación dos traballos de limpeza: ata 4 puntos.

As proposicións que inclúan a descrición, de xeito detallado e axeitado, dos diferentes traballos de limpeza a levar a cabo a forma de realizalo (rúas, beirarrúas, paseos, mobiliario, papeleiras, construcións: capelas, vestiarios, aseos, paredes e muros, elementos funerarios, arquetas e sumidoiros, carteis, pintadas, restos de exhumacións ou inhumacións), das frecuencias destes, táboa de programación, recollida e xestión e descrición de materiais e EPIs, valoraranse co 4 puntos. Segundo o grao de descrición destes apartados, as puntuacións variarán desde os 4 puntos (descrición detallada e idónea ata os 0 puntos ás proposicións que non fan descrición de ningún dos apartados.

XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Describe detalladamente os traballos a levar a cabo, inclúe táboa de programación dos traballos con periodicidade da súa realización que se considera axeitada, describe plan

*Contratación do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais.
Páxina 2 de 11*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 24/08/2017 09:05	Páxina 2 de 11
Expediente 10850/255	Código de verificación: 2BEA4-A4452-CE2BC-5E8BA	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo
Área de Medio Ambiente
Cemiterios

xestión de residuos e achega carta compromiso con xestor autorizado. Non describe detalladamente a forma de realizar os traballos. Valórase este apartado en **3 puntos**.

SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL S.L.),

Describe de forma detallada os traballos a levar a cabo, a forma de realizalos e a súa periodicidade, inclúe unha táboa de programa dos traballos que inclúe frecuencias e medios materiais, un plan de xestión de residuos con fichas de control, describe os materiais e EPIs a utilizar. A proposta considerase axeitada, se ben os traballos relativos ás papeleiras considerase mellorables a programación non fai referencia a rendementos, horas. Valórase este apartado en **3 puntos**.

UTE INGESER ATLANTICA, S.L. SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L.,

Describe detalladamente os traballos a levar a cabo, a forma de realizalo que se considera idónea e a súa periodicidade, inclúe táboa de programación traballos a realizar con rendementos medios, frecuencias, estimación de superficies, horas e persoal, e describe materiais a utilizar. No fai referencia á recollida e xestión dos residuos nin os EPIs a utilizar. Valórase este apartado en **3,5 puntos**.

BROCOLI, S.L.

Describe de forma detallada e axeitada os traballos a levar a cabo indicando materiais, procedemento e periodicidade. Non fai referencia á retirada de residuos consecuencia de exhumación ou inhumacións. Non se inclúe táboa de programa de traballos, a xestión ou recollida de residuos non se considera suficientemente detallada xa que fai referencia únicamente a punto limpo. Valórase este apartado en **2 puntos**.

CALFENSA PROYECTOS, S.L.

Describe os traballos a levar a cabo indicándose a periodicidade e os materiais a utilizar. Non se describe a forma de realizar os traballos, nin táboa da programación, nin retirada nin xestión dos residuos. Valórase este apartado en **1,5 puntos**.

2. Programación dos traballos de xardinería: ata 5 puntos.

As proposicións que inclúan a descrición, de xeito detallada e axeitados, dos diferentes traballos de xardinería a levar a cabo condicións e forma de realizalos (rega, sega, poda, escarda, entrecavado, escarificación, aireación, fertilizado, resementado...), das frecuencias

Contratación do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais.
Páxina 3 de 11



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/08/2017 09:05

Páxina 3 de 11

Expediente 10850/255

Código de verificación: 2BEA4-A4452-CE2BC-5E8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Área de Medio Ambiente
Cemiterios

destes, táboa de programación, materiais, EPIs, valorarase con 5 puntos. Segundo o grao de descrición destes apartados, as puntuacións variarán dende os 5 puntos (descrición detallada e axeitada) ata os 0 puntos ás proposición que non fan descrición de ningún dos apartados.

XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Describe os traballos a levar a cabo, as súas frecuencias e a forma de realizados cun grao medio de detalle, describe materiais e EPIS. Valórase este apartado en **3,5 puntos**.

SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL S.L.),

Describen detalladamente os traballos a levar a cabo, as súas periodicidades, a forma de realízalos con diversos plans de traballo, incluíndose táboas de programación dos traballos con frecuencias, actuacións e medios materiais, describe, tamén, os materiais e EPIs a utilizar. Valórase este apartado en **5 puntos**.

UTE INGESER ATLANTICA, S.L. SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L.

Describe detalladamente os traballos a levar a cabo, as súas periodicidades e forma de realízalos, inclúe táboa de programación traballos a realizar con rendementos medios, frecuencias, estimación de superficies, horas e persoal por cemiterio e total, e descrición gráfica das zonas dos distintos traballos de xardinería, e describe materiais a utiliza. Valórase este apartado en **5 puntos**.

BROCOLI, S.L.

Describe os traballos a levar a cabo, as súas periodicidades e forma de realízalos, inclúe táboas de programación dos traballos coa súa periodicidade, cun grao medio de detalle e excesivamente teórico, inclúe listado de materiais. Valórase este apartado en **2,5 puntos**.

CALFENSA PROYECTOS, S.L.

Describe detalladamente os traballos a levar a cabo indicando a súa periodicidade e forma de realízalos, non inclúe táboa de programación, describe os materiais a utilizar e EPIs. Valórase este apartado en **4 puntos**.

Contratación do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais.
Páxina 4 de 11



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/08/2017 09:05

Páxina 4 de 11

Expediente 10850/255

Código de verificación: 2BEA4-A4452-CE2BC-5E8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Área de Medio Ambiente
Cemiterios

3. Programación das labores de reposición de elementos vexetais, non vexetais e equipamentos: ata 4 puntos.

As proposicións que inclúan a descrición, de xeito detallado e axeitado, das labores de reposición dos elementos vexetais, non vexetais e equipamentos, incluíndo as frecuencias destas, programación dos traballos, valoraranse con 4 puntos. Segundo o grao de descrición destes apartados, as puntuacións variarán dende os 4 puntos (descrición detallada e axeitada) ata os 0 puntos ás proposicións que non fan descrición de ningún dos apartados.

XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Describe os traballos de reposicións de elementos das zonas vexetais, elementos non vexetais e equipamentos con frecuencias e un grao de detalle medio, programación. Valórase este apartado en **3 puntos**.

SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL S.L.),

Describe os traballos de reposicións de elementos das zonas vexetais, elementos non vexetais e equipamentos con frecuencias e un grao de detalle medio. Non inclúe táboa coa programación dos traballos, só da rede de rego. Valórase este apartado en **2,5 puntos**.

UTE INGESER ATLANTICA, S.L. SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L.

Describe os traballos de reposicións de elementos das zonas vexetais, elementos non vexetais e equipamentos con frecuencias e un bo grao de detalle, inclúe unha táboa coa programación dos traballos, frecuencias e estimación de horas segundo cemiterios. Valórase este apartado en **4 puntos**.

BROCOLI, S.L.

Fai, unicamente, unha descrición da reposición de elementos vexetais de plantas de tempada e describe un procedemento xeral para manter en bo estado mobiliario urbano. Non describe as labores de reposición dos outros elementos. Valórase este apartado en **0,5 puntos**.

CALFENSA PROYECTOS, S.L.

Describe os traballos de reposicións de elementos vexetais e na reposición dos elementos non vexetais só cita os camiños, zonas de áridos, obviando os demais, cun grao

Contratación do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais.
Páxina 5 de 11



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/08/2017 09:05

Páxina 5 de 11

Expediente 10850/255

Código de verificación: 2BEA4-A4452-CE2BC-5E8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Área de Medio Ambiente
Cemiterios

de detalle medio, describe as frecuencias de reposición destes elementos, non inclúe táboa coa programación dos traballos. Valórase este apartado en **2 puntos**.

4. Programación das labores encamiñadas a mellorar o estado de conservación de concretas zonas dos cemiterios municipais: ata 4 puntos.

As proposicións que especifiquen e describan, de xeito detallada e axeitado, as labores encamiñadas a mellorar o estado de conservación de concretas zonas dos cemiterios, incluíndo programación destas, valoraranse 4 puntos. Segundo o grao de descrición deste apartado, as puntuacións variarán dende os 4 puntos (descrición detallada e axeitada) ata os 0 puntos ás proposicións que non fan descrición destas labores.

XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Describe os traballos de mellora a levar a cabo nas redes de drenaxe, pavimentos de xabre, máis estes traballos están esixidas no PPT como labores de mantemento en camiños, que inclúe o mantemento do pavimento e da rede de drenaxe. Inclúe táboa xeral de programación. Valórase este apartado en **2 puntos**.

SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL S.L.),

Descríbense detalladamente os traballos de mellora a levar a cabo en zonas verdes, mobiliario, zonas terrizas, con especificación dos traballos en elementos vexetais para cada cemiterio. Polo que respecta as tarefas en zonas terrizas -camiños- cómpre lembrar o indicado no apartado anterior xa que estes traballos veñen esixidos no PPT. Inclúese táboa de programación de cada un destes traballos. Valórase este apartado en **3 puntos**.

UTE INGESER ATLANTICA, S.L. SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L.

Describe os traballos a levar a cabo en drenaxe, eliminación de malas herbas e terras en estruturas, nichos, muros, realización de GIS base QGIS e actuación intensiva en arborado, regos automáticos que se consideran idóneas, programación escueta sen táboa. Valórase este apartado con **3,5 puntos**.

BROCOLI, S.L.

Describe os traballos para levar a cabo distintas actuacións de mellora coa eliminación de malas herbas, grafitis, aporte de 30 m3 de terras para actuacións inmediatas

Contratación do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais.
Páxina 6 de 11



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/08/2017 09:05

Páxina 6 de 11

Expediente 10850/255

Código de verificación: 2BEA4-A4452-CE2BC-5E8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Área de Medio Ambiente
Cemiterios

en paseos, con fotografías das distintas zonas dos cemiterios a mellorar, cunha bolsa de horas de 250 h formadas por 1 xefe de equipo e 2 auxiliares de xardineira. Non inclúe táboa de programación. Valórase este apartado con **2,5 puntos**.

CALFENSA PROYECTOS, S.L.

Describe traballos en zonas verdes con resementeira, aportes de compost, e aportes de xabre, máis non se indica claramente a distintas zonas a mellorar e máis ben semellan traballos de mantemento. Valórase este apartado en **1 punto**.

5. Programación e distribución do persoal e control de seguimentos dos traballos: ata 4 puntos.

As proposicións que describan, de xeito detallado e axeitado, a programación e distribución do persoal destinado á realización do servizo, persoal complementario para reforzos, ausencias, e os mecanismos de control dos traballadores e traballos realizados (fichas de control, programas de xestión, comunicación co Concello...) outorgaráselles 4 puntos. Segundo o grao de descrición destes apartados, as puntuacións variarán dende os 4 puntos (descrición detallada e axeitada) ata os 0 puntos ás ofertas que non fan descrición de ningún dos apartados.

XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Indica o persoal destinado á prestación do servizo e a distribución deste por zonas, a distribución horaria considerase axeitada. Refórzase con persoal externo para cubrir vacacións e baixas e con tres auxiliares de xardinería para períodos sensíbles de afluencias de usuarios, achega modelo de parte de control de persoal. Non se describe mecanismo de control dos traballos. Valórase este apartado en **3 puntos**.

SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL S.L.)

Indica o persoal destinado á prestación do servizo e a distribución destes por equipos e zonas. A distribución horaria non se considera idónea. Reforza cun operario a disposicións parcial para diversas labores e épocas. Inclúe follas modelo de control dos traballos. Valórase este apartado en **1 punto**.

Contratación do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais.
Páxina 7 de 11



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/08/2017 09:05

Páxina 7 de 11

Expediente 10850/255

Código de verificación: 2BEA4-A4452-CE2BC-5E8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Área de Medio Ambiente
Cemiterios

UTE INGESER ATLANTICA, S.L. SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L.

Distribúe o persoal en equipos fixos, segundo traballos e zonas dos cemiterios, e móbiles con rutas polos distintos cemiterios, non fai mención a persoal complementario. Inclúe un sistema de informa xeográfica e control dos traballos a través de GIS con achega mensual ó servizo municipal xestor do contrato, control tamén con partes dos traballos escritos aínda que non achega ningún modelo, inclúe control dos traballadores por pegada dactilar, tamén fai referencia a xestión integral dos traballos xa que todos os usuarios estarán conectados on line cunha base de datos o que permitirá un análise avanzado da xestión obtendo información de inmediato e xerando informes automáticos predefinidos, describe un procedemento de autocontrol de calidad. Valórase este apartado en **3,5 puntos**.

BROCOLI, S.L.

Indica o persoal destinado ao servizo e distribución por zonas, fai mención a persoal indirecto técnico de apoio, pero non se fai mención o reforzo do persoal nos cemiterios en épocas concretas, fai referencia a cobertura inmediata de ausencias ou baixas con persoal de brigada de xardinería da entidade, describe un plan de control de calidade dos servizos. A distribución horaria non se considera idónea. Valórase este apartado en **1 punto**.

CALFENSA PROYECTOS, S.L.

Indica o persoal destinado o servizo e distribución por zonas, horarios que se consideran idóneos, establece un plan estimando suplencias por vacacións e ausencias que serán cubertas por persoal da mesma categoría que ten a empresa, non fai referencia a reforzo co persoal externo en determinada épocas. Establece un sistema de control interno de calidade a través da aplicación dun programa informático de xestión integral da empresa, máis non se indica nada respecto a comunicación co concello. Valórase este apartado en **2,5 puntos**.

6. Programación de dependencias e almacéns: ata 4 puntos.

As proposicións que especifiquen e describan, de xeito detallada, os locais a utilizar para a prestación do servizo, incluíndo documentación gráfica destes, outorgaráselles 4 puntos. Segundo o grao de descrición e especificación destes apartados, as puntuacións variarán

Contratación do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais.
Páxina 8 de 11



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/08/2017 09:05

Páxina 8 de 11

Expediente 10850/255

Código de verificación: 2BEA4-A4452-CE2BC-5E8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Área de Medio Ambiente
Cemiterios

dende os 4 puntos (especificación dos locais e descrición detallada) ata os 0 puntos ás ofertas que non fan descrición de ningún dos apartados.

XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Indica que disporá dos seus propios locais para instalacións para persoal, garaxe e almacéns e que terá dependencias propias para vestiario de persoal nas proximidades dos cemiterios de Lavadores, Pereiró e Teis (3). Non se indica a súa localización nin se achega documentación gráfica. Valórase este apartado en **1,5 puntos**.

SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL S.L.),

indica que porá a disposición do servizo 1 local de dependencias administrativas, 1 almacén central, próximo o cemiterio de Pereiró, para garaxe, aseos, vestiarios e almacén de maquinaria e ferramentas dos que se indica o emprazamento exacto e se achega documento gráfica plano. Indica tamén que disporá de 2 locais distribuídos en zonas próximas os cemiterios de Teis e Lavadores dotados de almacén, aseo, ducha e taquilla. Non se indica localización exacta, sinalase emprazamento en plano xeral. Valórase este apartado en **3,5 puntos**.

UTE INGESER ATLANTICA, S.L. SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L.

Indica que disporá de local (3) en Pereiró, Teis e Lavadores, dotados de aseos, vestiarios, zonas de maquinaria e vehículos e almacéns, máis non se concreta a súa localización nin se achega documentación gráfica destes. Valórase este apartado en **1,5 puntos**.

BROCOLI, S.L.

Indica que se disporá de 1 almacén central de 180 m2 con zona de duchas, almacéns de maquinaria, vehículos, ferramentas, materiais, e concreta o seu emprazamento e achega documentación gráfica plano e fotografías. Asimesmo, indica que dispón de delegación próxima ó termo municipal de Vigo, cun tempo de resposta menor de 30 minutos, para dar soporte a resolución de calquera emerxencia, sinalado o emprazamento e documentación gráfica en plano, o que non se considera idóneo. Valórase este apartado en **2 puntos**.

Contratación do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais.
Páxina 9 de 11



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/08/2017 09:05

Páxina 9 de 11

Expediente 10850/255

Código de verificación: 2BEA4-A4452-CE2BC-5E8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Área de Medio Ambiente
Cemiterios

CALFENSA PROYECTOS, S.L.

Indica que dispón de 1 delegación Vigo con instalacións de oficina, almacén, zona maquinaria, viveiro e invernadoiro, sinala o seu emprazamento pero non achega documentación gráfica. Indica que contará con 3 dependencias para os traballadores do contrato para almacén, garaxe, vestiario e aseos, se ben non se concreta a dirección, nin se aporta documentación gráfica. Valórase este apartado en **2 puntos**.

En táboa resumo achégase a puntuación detallada dos apartados valorados neste informe.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo

O xefe da Área de Servizos Xerais

Secundino Otero Failde

Álvaro Crespo Casal

Contratación do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais.
Páxina 10 de 11



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/08/2017 09:05

Páxina 10 de 11

Expediente 10850/255

Código de verificación: 2BEA4-A4452-CE2BC-5E8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Área de Medio Ambiente
Cemiterios

EMPRESAS:	XESTION AMBIENTAL CONTRATAS, S.L.	SAMYL, S.L.	UTE INGESER ATLANTICA, S.L. SOGESL DESARROLO Y GESTIÓN, S.L.	BROCOLI, S.L.	CALFENSA PROYECTOS, S.L.
PROGRAMACIÓN DO SERVIZO: 25 PUNTOS.					
1. Programación dos traballos de limpeza: ata 4 puntos.	3	3	3,5	2	1,5
2. Programación dos traballos de xardinería: ata 5 puntos.	3,5	5	5	2,5	4
3. Programación das labores de reposición de elementos vexetais, non vexetais e equipamentos: ata 4 puntos.	3	2,5	4	0,5	2
4. Programación das labores encamiñadas a mellorar o estado de conservación de concretas zonas dos cemiterios municipais: ata 4 puntos.	2	3	3,5	2,5	1
5. Programación e distribución do persoal e control de seguimentos dos traballos ata: 4 puntos.	3	1	3,5	1	2,5
6. Programación de dependencias e almacéns: ata 4 puntos.	1,5	3,5	1,5	2	2
TOTAL	16	18	21	10,5	13

Contratación do servizo de mantemento para os cemiterio municipais.
Páxina 11 de 11



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/08/2017 09:05

Páxina 11 de 11

Expediente 10850/255

Código de verificación: 2BEA4-A4452-CE2BC-5E8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>